

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE INSTRUMENTO PRINCIPAL PERCUSIÓN IV (PED)

CURSO 2020/2021

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO Decreto 163/2015 do 29 de outubro)

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | |
|--|------------------------------------|-------------|-------------|-------------|---|----|---------------------------------|--|------------------------------------|-------------------|
| DISCIPLINA INSTRUMENTO PRINCIPAL PERCUSIÓN | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE: | PEDAGOXÍA | | | | | | | ITINERARIOS: | | |
| CARÁCTER: | OBRIGATORIO | | | | | | | TIPO DE CLASE: | | INDIVIDUAL |
| DEPARTAMENTO: | PERCUSIÓN | | | | | | | XEFE DE DPTO.: | | Pilar García Ríos |
| CURSOS | 1º curso | 2º curso | 3º curso | 4º curso | | | COORDINADOR/A DA DISCIPLINA: | | Luis Miguel Sobrevela Romaguera | |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase semanais: | 1 h |
| ECTS/CUAD. | 6 | 6 | 6 | 6 | 6 | 6 | - | - | Observacións: | |
| DOCENTES: | NOME E APELIDOS | | | | | | | EMAIL/TEL/WEB | | TITORÍA |
| | Luis Miguel Sobrevela Romaguera | | | | | | | sobrevela78@edu.xunta.es | | Venres 13:00h |



2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS

DESCRITOR: Desenvolvemento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas no instrumento e coñecemento dos diferentes criterios interpretativos.

COÑECEMENTOS PREVIOS: Os requeridos para aprobar o cuadrimestre anterior.

RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxia principal dáse coa disciplina de Repertorio con Piano acompañante, Repertorio orquestral e Música de Cámara. Débese considerar a estratexia de intentar relacionar dentro do posible os contidos das materias citadas.

| | |
|----------------------------|--|
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T1 Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora. T2 Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente. T3 Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza. T6 Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal. T15 Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional. |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X1 Coñecer os principios teóricos da música e ter desenvolvido adecuadamente aptitudes para o recoñecemento, a comprensión e a memorización do material musical. X3 Producir e interpretar correctamente a notación gráfica de textos musicais. X6 Dominar un ou máis instrumentos musicais nun nivel adecuado ao seu campo principal de actividade. X11 Estar familiarizado cun repertorio amplo e actualizado, centrado na súa especialidade pero aberto a outras tradicións. Recoñecer os trazos estilísticos que caracterizan ao dito repertorio e poder describilos de forma clara e completa.. X21 Crear e dar forma aos seus propios conceptos artísticos tendo desenvolvido a capacidade de expresarse a través deles a partir de técnicas e recursos asimilados. X24 Desenvolver capacidades para a autoformación ao longo da súa vida profesional |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | EP 4 |

Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro



| 3. OBXECTIVOS | |
|--|---------------------------|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| 1.- Adquirir nivel técnico suficiente como para abordar obras de medio-alto nivel nos instrumentos principais: caixa, marimba, multipercusión, timbais, vibráfono, xilófono e pequena percusión. Sempre orientado e vinculado có feito interpretativo. | Todas |
| 2.- Desenvolver e aportar ideas propias á interpretación con criterio, coherencia, sensibilidade e imaxinación facendo uso dunha liberdade responsable. | Todas |
| 3.- Comprender e demostrar a comprensión por medio da interpretación de diferentes culturas e dos distintos estilos musicais ao longo da historia poñendo especial énfase na música do s. XX e XXI. | Todas |
| 4.- Tocar en público con destreza e autocontrol tendo en conta os aspectos de arte escénica que debe ter un concerto. | Todas |
| 5.- Coñecer e aplicar con autonomía distintas técnicas de estudo que axuden a optimizar o tempo e o esforzo valorando a práctica instrumental como proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional | Todas |
| 6.- Valorar con autonomía e obxectividade a propia interpretación | Todas |
| 7.- Elaborar pequenos traballos e notas ao programa sobre as obras que se traballen axudando a comprender mellor a obra e aportando conclusións propias. | Todas |



| 4. CONTIDOS | | |
|--------------------------------------|--|---------|
| TEMAS | DESCRITOR DE SUBTEMAS | SESIÓNS |
| 1.- Caixa | Consolidación do golpe de pistón: matices, acentos e apoios. Golpe simple. Dobres golpes. Golpes triples. Golpes de multirrebote. Combinacións de golpes simples, dobres e multirrebote. Interpretación de estudos e obras orquestrais e rudimentais na caixa: respecto das indicacións escritas, os apoios e dirección de compás. Utilización das diferentes áreas da caixa. Os distintos tipos de ataque (por exemplo) downs, fulls, ups e os diferentes golpes intermedios. | Todas |
| 2.- Timbais | Consolidación do golpe de pistón. Articulación legato e staccato. O estilo orquestral no timbal. Interpretación de estudos. A Afinación no timbal. | Todas |
| 3.- Vibráfono | Desenvolvemento da técnica de catro baquetas e o seu sistema de suxeición. Consolidación dos cinco tipos de movemento (rotacións de antebrazos): simple alternado, dobre lateral, dobre vertical, redobre independente. Perfeccionamento dos cambios de intervalo (aperturas extremas). Desprazamentos amplos no teclado. Dampening e apagados con pedal. Articulacións picadas e ligadas con pedal. | Todas |
| 4.- Multipercusión/Pequena percusión | Criterios de colocación dos instrumentos do setup. Os timbres e as súas características dentro do conxunto do set. Os instrumentos de multipercusión e as súas características sonoras: distintas áreas de ataque. A posición fronte ao setup. Conciencia corporal e desprazamentos. A música polifónica para multipercusión: diferenciación de planos sonoros, polirritmias básicas entre timbais. Pequena percusión: técnica específica de pandeireta, triángulo, pratos e castañolas. | Todas |
| 5.- Marimba | Perfeccionamento da técnica a catro baquetas, mecanismo de cambio de intervalos. Perfeccionamento dos cinco tipos de movemento. Distintos tipos de ataque aplicados á marimba: downs, fulls, ups e os diferentes golpes intermedios. Movemento continuo e golpe de pistón aplicado á interpretación. Desprazamentos horizontáis, verticais e oblicuos. | Todas |
| 6.- Audicións e posta en escena | Preparación xeral para unha audición | Todas |
| 7.- Notas ao programa | Elaboración de notas onde se defendan os puntos de vista sobre unha interpretación determinada e onde se facilite a comprensión musical. | Todas |
| TOTAL SESIÓNS: | | 16 |



| 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA | | | |
|---|-------------------|-----------------------|-------------|
| TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | HORAS PRESENCIAIS | HORAS NON PRESENCIAIS | TOTAL HORAS |
| Actividades introdutorias Acercamento entre alumno e profesor e avaliación inicial. O alumno comentará o traballo feito con anterioridade aportando información de métodos e obras interpretadas. Realizarase exercicios de primeira vista de caixa, timbais e láminas. O profesor fará as preguntas necesarias sobre cuestións musicais e técnicas e expoñerá ao alumno o plan de traballo. ESTABLECERASE O TRABALLO A REALIZAR EN TODO O CUADRIMESTRE NA PRIMEIRA QUINCENA DO MESMO. | 1 | | 1 |
| Exposición práctico-teórica O profesor propoñerá exercicios técnicos, fragmentos ou obras explicando o proceso a seguir para unha interpretación axeitada. A explicación irá acompañada polo exemplo práctico do profesor. O alumno terá que tocar os exemplos interiorizando as indicacións. | 4 | | 4 |
| Exposición da práctica individual O alumno interpretará obras ou exercicios técnicos propostos nas clases anteriores. O profesor aclarará dúbidas e guiará ao alumno cara unha interpretación correcta. Do mesmo xeito o profesor aportará estratexias, técnicas e solucións que axuden a superar as dificultades puntuais e que máis adiante se poidan utilizar noutros contextos. | 11 | | 11 |
| Práctica individual Coas ferramentas aprendidas na clase o alumno practicará exercicios técnicos e estudiará os fragmentos e obras traballados na clase. | | 155 | 155 |
| Pescuda de información, redacción de pequenos textos. O profesor guiará ao alumno para obter información sobre as obras e os compositores dos que interpreta obras. O alumno, redactará notas ao programa e pequenos traballos sobre as obras que están traballando. | | 5 | 5 |
| TOTAL HORAS: | | | 180 |
| Na modalidade de ensinanza mixta e telemática os contidos serán distribuídos en función da dispoñibilidade e do acceso a instrumentos que teña o alumno. As clases faranse a través de gravacións audiovisuais sen editar, videoconferencias en directo, comunicados a través de correo electrónico e/ou mensaxería instantánea. | | | |



| 6. AVALIACIÓN PRESENCIAL | | | |
|--|--|---|-------------|
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS AVALIADAS | PONDERACIÓN |
| 6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA | | | |
| 6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA) | | | |
| C1, C2, C4, C5, C6 | Seguimento diario das sesións semanais. Audicións e/ou gravacións no transcurso do cuadrimestre. | EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, T1, T2, T3, T6, T15. | 40% |
| C1, C2, C3, C4, C5, C6 | Audición / exame final de cuadrimestre | EI1, EI2, EI4, EI5, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 T1, T3, T6, T13, T15, T17. | 60% |
| 6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO) | | | |
| C1, C2, C3, C4, C5, C6 | Audición/exame final de cuadrimestre. | EI1, EI2, EI4, EI5, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 T1, T3, T6, T13, T15, T17. | 100% |
| 6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) Os alumnos perderán a avaliación para o cuadrimestre continua en caso de superar as tres faltas por cuadrimestre | | | |
| C1, C2, C3, C4, C5, C6 | Audición final / exame, na que se interpretarán todas as obras e estudos programados. | EI1, EI2, EI4, EI5, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 T1, T3, T6, T13, T15, T17. | 100% |
| 6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA | | | |
| C1, C2, C3, C4, C5, C6 | Audición / exame (duración 35 min) | EI1, EI2, EI4, EI5, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 T1, T3, T6, T13, T15, T17. | 100% |
| <p>Observacións:</p> <p>C1.- Interpretar obras de diferentes estilos comprendéndoas e comprendendo o seu contexto.</p> <p>C2.- Tocar en público como solista ou acompañado con destreza e autocontrol.</p> <p>C3.- Facer os exercicios técnicos con corrección no movemento e poñendo atención á calidade do son.</p> <p>C4.- Demostrar o dominio técnico das pezas interpretadas.</p> <p>C5.- Demostrar autonomía á hora de preparar pezas, poñendo ideas propias con criterio coherente, sensibilidade e imaxinación e sen deixar de respectar a partitura facendo uso dunha liberdade responsable.</p> <p>C6.- Facer traballos escritos sobre temas relacionados coa materia con capacidade crítica e analítica, aportando datos reveladores.</p> | | | |



| 6. AVALIACIÓN MODALIDADE MIXTA E TELEMÁTICA | | | |
|---|--|---|--------------------|
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS AVALIADAS | PONDERACIÓN |
| 6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA | | | |
| 6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA) | | | |
| C1, C2, C4, C5, C6 | Seguimento diario das sesións semanais. Audicións e/ou gravacións no transcurso do cuadrimestre tanto nas clases presenciais como nas clases telemáticas. | EI1, EI2, EI4, EI5, EI6, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, T1, T2, T3, T6, T15. | 40% |
| C1, C2, C3, C4, C5, C6, C7, C8 | Opción A: Audición/exame final de cuadrimestre presencial. Opción B: Gravación audiovisual sen editar de audición/exame final de cuadrimestre. Opción C: Traballo escrito, de acordo a un modelo establecido, das obras programadas para a audición/exame final de cuadrimestre. | EI1, EI2, EI4, EI5, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 T1, T3, T6, T13, T15, T17. | 60% |
| 6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO) | | | |
| C1, C2, C3, C4, C5, C6, C7, C8 | Opción A: Audición/exame final de cuadrimestre presencial. Opción B: Gravación audiovisual sen editar de audición/exame final de cuadrimestre. Opción C: Traballo escrito, de acordo a un modelo establecido, das obras programadas para a audición/exame final de cuadrimestre. | EI1, EI2, EI4, EI5, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 T1, T3, T6, T13, T15, T17. | 100% |
| 6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) Os alumnos perderán a avaliación continua en caso de superar as tres faltas por cuadrimestre | | | |
| C1, C2, C3, C4, C5, C6, C7, C8 | Opción A: Audición / exame final de cuadrimestre presencial. Opción B: Gravación audiovisual sen editar de audición/exame das obras programadas para o cuadrimestre. Opción C: Traballo escrito, de acordo a un modelo establecido, das obras programadas para o cuadrimestre. | EI1, EI2, EI4, EI5, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 T1, T3, T6, T13, T15, T17. | 100% |
| 6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA | | | |
| C1, C2, C3, C4, C5, C6, C7, C8 | Opción A: Audición / exame final de cuadrimestre presencial. Opción B: Gravación audiovisual sen editar de audición/exame das obras programadas para o cuadrimestre. Opción C: Traballo escrito, de acordo a un modelo establecido, das obras programadas para o cuadrimestre. | EI1, EI2, EI4, EI5, EI10, X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 T1, T3, T6, T13, T15, T17. | 100% |

Observacións:

Faranse uso das opcións presentadas nas ferramentas de avaliación seguindo os seguintes criterios:

Opción A: sempre que profesor e alumno non sufran restricións específicas debidas a COVID-19 para acceder ao centro a efectuar o exame.

Opción B: no caso de que profesor e/ou alumno non podan acudir ao centro a efectuar o exame debido a restricións específicas debidas a COVID-19 e se dispoñan dos instrumentos necesarios para a realización da gravación ou de acceso aos mesmos.

Opción C: soamente no caso en que as autoridades prohiban expresamente o desprazamento que permita acceder ao conservatorio ou a outro lugar dotado de instrumentos de percusión.

No caso de que o alumno teña restricións específicas para acceder ao centro e soamente conte con parte dos instrumentos de percusión necesarios para facer a gravación, deberá de presentar gravación das obras que poda interpretar en instrumentos (opción B) e traballo escrito das pezas que non poda interpretar por carecer de instrumentos (opción C).

O traballo escrito abordará unha análise interpretativa das obras programadas para tocar en audición no cuadrimestre correspondente. Deberá ter unha extensión mínima de cinco páxinas por obra presentada, en tamaño DIN A-4 con letra arial 12 puntos a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. O traballo seguirá a seguinte estrutura:

- Referencia biográfica do compositor e contextualización da peza.
- Análise (estrutural, harmónico, tímbrico, textural, etc)
- Análise estilístico
- Memoria pormenorizada de dificultades técnicas e interpretativas e proposta de traballo

O alumno entregará o traballo en formato PDF por vía telemática ao seu titor na data que se determine a tal efecto.

Detectar plaxio (sen citar) en calquera dos traballos escritos será motivo de suspenso.

Criterios de avaliación:

C1.- Interpretar obras de diferentes estilos comprendéndooas e comprendendo o seu contexto.

C2.- Tocar en público como solista ou acompañado un programa de 35 minutos de duración (sen contar o espazo entre pezas) con destreza e autocontrol.

C3.- Facer os exercicios técnicos con corrección no movemento e poñendo atención á calidade do son.

C4.- Demostrar o dominio técnico das pezas interpretadas.

C5.- Demostrar autonomía á hora de preparar pezas, poñendo ideas propias con criterio coherente, sensibilidade e imaxinación e sen deixar de respectar a partitura facendo uso dunha liberdade responsable.

C6.- Facer traballos escritos sobre temas relacionados coa materia con capacidade crítica e analítica, aportando datos reveladores.

C7.- Elaborar traballos escritos con formato e linguaxe adecuados, seguindo a estrutura e apartados establecidos na programación.

C8.- Presentar contidos escritos con claridade e coherencia chegando ao grao de concreción requirido.



7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

Partituras orientativas

Marimba

| | |
|--------------------------|---------------|
| My Lady Wite | Maslanka |
| Memories of the Seashore | K.Abe |
| Conversation | A Miyoshi |
| Rotations | E. Sammut |
| Suite nº2 | Y. Takahoshi |
| Il Sogno Di Paciocchino | N.J. Zivkovic |
| Suites de Cello | J. S. Bach |
| Tres preludios | N. Rosauero |

VIBRÁFONO

| | |
|----------------|------------------|
| Estudo 25 | D. Friedman |
| Estudo 26 | D. Friedman |
| Ilmo | M. Glentworth |
| Sunbell | M. Glentworth |
| Vacilaciones | D. Almada |
| Texas Hoedown | D. Friedman |
| Tunes you know | arr. B. Molenhof |

MULTIPERCUSIÓN

| | |
|------------------------------------|-------------|
| Inspiration Diabolique | R. Tagawa |
| The Love of L´historie | de Lancey |
| Composition in Blue, Grey and Pink | A. Ford |
| English suite | W. Kraft |
| Dualités | A. Miyamoto |

CAIXA

| | |
|---|--------------|
| March-Cadenza | G. Mortensen |
| The Noble Snare | Varios |
| Estudios (Douze Études) | J. Delecluse |
| Portraits in Rythm (selección de estudos) | A. Cirone |
| La Caixa d´Orquestr | M. Ramada |

TIMBAIS

| | |
|----------------------------|--------------|
| LÓreille du timbalier | J. Delecluse |
| Sonata for Timpani | J. Beck |
| Raga nº1 | W. Cahn |
| Toccata for Timpani | E. L. Diemer |
| Rhapsody no. 2 for Timpani | A. A. Orfaly |
| Classic-African | J.Aiello |

| | |
|--------------|--------------|
| Estudos | N. Woud |
| Estudos | G. Whaley |
| Estudos | J. Delecluse |
| Seven Dances | G. Frock |

Métodos

Bellson, Louis. Modern Reading Text in 4/4 For All Instruments, Alfred Publishing Company (March 22, 1985).

Cirone, Anthony. Portraits in Rhythm. Bellwin Mills Publishing Corporation 1966

Delecluse, Jacques. Exercices Journaliers 1, 2, 3.. Editions Alphonse Leduc

Delecluse, Jacques, Vingt Studies d'après R. Kreutzer. Editions Alphonse Leduc

Delecluse, Jacques. Vingt Studies pour Xylophone. Editions Alphonse Leduc

Delecluse, Jacques. 12 estudios para Caixa.. Editions Alphonse Leduc

Firth, Vic. The Solo Timpanist. Carl Fisher Publications

Goldenberg, Morris. Modern School: Xylophone, Marimba, Vibraphone. Alfred Publishing Company (October 24, 2002).

Hamilton Green, George George Hamilton Green's Instruction Course for Xylophone: A Complete Course of Fifty Lessons. Meredith Music Publications, March 1, 1983.

Peters, Mitchell. Fundamental Method for Timpani. Alfred Publishing co. 1993.

Peter, Mitchell. Developing Dexterity. Mitchell Peters 1968.

Stevens, Leigh Howard. Method of Movement for Marimba. Keyboard Percussion Publications, 1993.

Morello, Joe. Master Studies 1 e 2. Modern Drummer Publications inc. Hal Leonard Corporation

Stout, Gordon B. Ideo-kinetics. M. Baker Publications, NY1993.

Textos sobre música e percusión

Blades, James. Percussion Instruments and Their History, The Bold Strummer LTD, 1970

Blum, David. Casals y el arte de la interpretación. Idea Books 2000

Dibelius Ulrich. La música contemporánea a partir de 1945, Akal Música, 2004

Klöppel, Renate. Ejercitación mental para músicos. Idea Books 2005.

Montagu, Jeremy. Timpani –Percussion, Yale Music Instrument Series, 2002

Reynolds, Roger. Form and Method Composing Music, Routledge, 2002

Schick, Steven. The Percussionist's Art, University of Rochester Press, 2006

Varios . Percussive Notes, archivos da Percussive Arts Society dende 1960.
<http://www.pas.org>